

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	NIGRÁN
Edificio	Igrexa de San Xosé de Chandebrito
Dirección	Lugar da Igrexa, s/n. 36360
	42.162127 -8.753820
Protección	
Descrición	<p>O templo foi construído nos anos 1784 e 1785 por Xoán Orxe, pola cantidade de 18.950 reais. O ano seguinte, 1786, foi erixida como parroquia independente de Camos. Non tivo párroco ata 1811.</p> <p>Sufriu unha reforma importante no ano 1893, na que se fixo a bóveda actual da nave e a espadana. É unha soa nave de planta e ábsida rectangulares, ás que se lle adosou no lado sur unha sancristía.</p> <p>A fachada occidental enmárcase por dúas pilastras rematadas en pináculos, ao igual que a fachada leste.</p> <p>A porta adórnase cunha moldura acobadada nos ángulos. Na doela central do lintel, hai unha flor de lis dobre que serve de arranque para a peaña da base de fornela que acolle a imaxe pétrea do patrón. No lintel, partida pola flor de lis, está a inscrición do remate da obra: “HIZOSE EN — 1785” A fornela, de arco de medio punto, presenta unha moldura de cinta. Por riba dela está a ventá cadrada recercada. Remata nunha cornixa voada que fai de base á espadana de dous corpos. No primeiro, dous ocos en arco de medio punto. E no segundo, entre pináculos, outro arco de medio punto coroado por frontón semicircular que serve de base á cruz de remate. No lado norte ten catro contrafortes, mentres que no lado sur soamente tres, porque o outro correspondería no muro da sancristía.</p> <p>A bóveda da nave é de canón en pedra de sillería, con tres arcos faixóns que apoian en pilastras.</p> <p>O arco triunfal, máis baixo, é de medio punto, e a bóveda da ábsida ten unha sinxela cruzaría con clave central, ornamentada cun motivo vexetal, e grosos nervos. Como adorno interior ten unha cornixa perimetral na nave.</p> <p>A sancristía tamén ten bóveda de canón.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	3
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	CARRERA, Anxo & TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	16-03-2026

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor.	LA INDUSTRIOSA SANJURJO	1940	60	125
Espadana	Maior.	RUIZ	1865	65	159

Información completa: [Igrexa de San Xosé de Chandebrito - NIGRÁN \(GALICIA\)](#)

PDF (27-06-2026)